



Estimadas familias, unha vez rematado o curso escolar, comunicámoslles que:

1. As familias que presentaron a solicitude para a axuda de libros e material escolar, poden pasar a recoller o vale en secretaría a partires do día 9 de xullo de 9:00h a 13:00h. Entregaráselle exclusivamente ao solicitante que se identificará co seu DNI.
2. Ás familias que lles foi concedido o fondo de libros, non deberán encargarse ningún ata que saiban os que lles asignan. Cara o 20 de xullo sairá a listaxe definitiva de Educación Primaria. Os cursos de ESO, ao estar incluídos dentro do proxecto E-DIXGAL, están excluídos da participación no fondo solidario de libros de texto.
3. A Consellería de Cultura, Educación e Universidade tomou a decisión de prorrogar a vixencia dos libros de texto de 4º e 6º de Primaria. A súa renovación farase coincidir coa entrada en vigor dos currículos da nova lei educativa Lomloe a partir do curso 22-23.
 - ✚ A listaxe de libros e material escolar do curso 2021-22, porase na páxina Web do colexio.
4. O comedor escolar e a gardería “ madrugadores” comezarán o 10 de setembro. O prazo de inscrición será do 1 ao 20 de xullo. A información pertinente estará na páxina Web.
5. O uniforme é obrigatorio ata 5º de Educación Primaria. Poderán mercalo dun xeito on-line ou na tenda do colexio a partires da última semana do mes de agosto. Os horarios estarán expostos na Web.
6. Horario de secretaría:
 - ✚ Do 1 ao 20 de xullo de 9:00h a 12:00h.
 - ✚ Do 25 de agosto ao 31 de 9:00h a 12:00h



7. O curso escolar **2021-22**, comezará o día **09 de setembro** para os alumnos de EI e EP.
8. O alumnado de Educación Secundaria comezará o día **15 de setembro**.
9. **Educación Infantil (3 anos)**: Terán un período de adaptación (poderán entrar ás 9:00h ou ás 10:00h e saír ás 13:00h ou ás 13:45h). Para máis información, haberá unha reunión coa Dirección do Centro e os titores, o día **2** de setembro ás 16:30 h.
10. Durante o mes de setembro a xornada escolar será só de mañá.

Dende a Dirección do Centro desexámoslles unhas boas e merecidas vacacións.

¡! FELIZ VERÁN!!

A Dirección